

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e tres minutos do día vinte e catro de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 17 de xaneiro de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 17 de xaneiro de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica da excma. Deputación provincial da Coruña, relativo ás bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-Concellos 2023. BOP núm. 13, do 19-01-2023.

- Orde do 29 de decembro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos

municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG núm. 13, do 19-01-2023.

- Orde do 29 de decembro de 2022, da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións a entidades locais de Galicia, e/ou aos seus entes instrumentais, co obxecto de promover e fomentar unha mellor atención das necesidades básicas das persoas beneficiarias do réxime de protección temporal afectadas polo conflito en Ucraína que carezan de recursos económicos suficientes, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS631F). DOG núm. 13, do 19-01-2023.

- Extracto da Resolución número 2023/1383, de 13 de xaneiro, da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria das axudas para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede provincial de Coworking (PEL-REDE COWORKING 2023). BOP núm. 14, do 20-01-2023.

- Extracto da Resolución da Presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña número 1335, de 13 de xaneiro de 2023, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para os servizos de normalización lingüística FONL 2023. BOP núm. 14, do 20-01-2023.

- Extracto da Resolución da Presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña número 1558, de 16 de xaneiro de 2023, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2022, (FO216/2022). BOP núm. 14, do 20-01-2023.

- Resolución número 1967/2023, Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto das bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña para 2023. BOP núm. 14, do 20-01-2023.

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto do pago de depósitos previos senda peonil en DP 1702 pq 0+970 a 1+070 pasarela sobre liña FF.CC. (Cambre) 2020.1110.0002.0 DP 1702, termo municipal de Cambre. BOP núm. 14, do 20-01-2023.

- Corrección de erros. Orde do 29 de decembro de 2022, da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de subvencións a entidades locais de Galicia, e/ou aos seus entes instrumentais, co obxecto de promover e fomentar unha mellor atención das necesidades básicas das persoas beneficiarias do réxime de protección temporal afectadas polo conflito en Ucraína que carezan de recursos económicos suficientes, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS631F). DOG núm. 15, do 23-01-2023.

- Resolución número 2294/2023, Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto das bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023. BOP núm. 16, do 24-01-2023.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. PRÓRROGA Á ANUALIDADE 2023 DO CONTRATO PARA A SUBSCRICIÓN DUNHA “PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE CAMBRE”. EXPEDIENTE: 2020/C006/000006

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de xaneiro de 2023 (CVD: XZW5p6P79QpkuHO7dwz4), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 28.01.2021, adjudicou o contrato para a subscrición dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre” á entidade “Previsión Balear MPS” no importe da prima anual de 1.442,76 euros (exento de IVA), formalizándose o dito contrato con data 29.01.2021 (expediente núm. 2020/C006/000006).

Visto que na cláusula IV do dito contrato faise constar:

“De conformidade con a cláusula 6 do pliego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 16 del ANEXO I (Cuadro de características del contrato), en el presente contrato no se realizará la revisión del precio.

*De conformidade con la cláusula 9 del pliego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 6 del Cuadro de Características del contrato, el plazo de duración del contrato será de **un año** desde la efectividad de la póliza, que tendrá efectos desde las 00:00 horas del día 01/02/2021 hasta las 24:00 horas del día 31/01/2022 incluidos, pudiendo prorrogarse por años sucesivos y en las mismas condiciones hasta dos años más, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado con dos meses de antelación a la finalización de la vigencia anterior, por lo que el contrato podrá llegar a tener una duración total de hasta tres años incluídas las prórrogas (desde las 00:00 horas del 01/02/2021 hasta las 24:00 horas del 31/01/2024).*

Con carácter previo al vencimiento del contrato cualquiera de las partes puede oponerse a la prórroga, en cuyo caso deberá comunicarlo a la otra parte con dos meses de antelación al vencimiento. Si la oposición es por parte de la aseguradora, el Ayuntamiento de Cambre le exigirá una cobertura adicional mínima de 6 meses en el caso de que, al vencimiento de la póliza, no se hubiese acordado una nueva adjudicación.

Con anterioridad a la finalización del plazo de vigencia, las pólizas podrán ser canceladas, rescindidas y renegociadas. El plazo de preaviso para la cancelación, rescisión y renegociación será de 60 días.”

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 07.12.2021, prorrogou por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade “Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social”, con NIF V071***** e dirección en rúa Gremi Sabaters 68, 2º -A, 07009 Palma de Mallorca (Illas Baleares) para a subscrición dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre” (Expediente 2020/C006/000006), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2022 ata as 24:00 horas do día 31/01/2023 incluídos.

Visto que con data do 02.01.2023 rexistrouse de entrada, ao número 202399900000015, escrito da empresa adjudicataria solicitando a continuidade do servizo e, polo tanto, a prórroga do contrato por un ano máis.

Visto que con data do 16.01.2023 emítese informe (CVD: mx5tn9iOGY7qlv2iRaR1) polo axente de protección civil, don José Manuel Varela Souto, quen asina como “*Coordinador do servizo de Emerxencia e Protección Civil en función*” no que conclúe “*que non existe ningunha obxexión para que este contrato sexa prorrogado por un*

ano máis, tal e como se establece la cláusula 9 no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.”

Visto o informe **desfavorable** da técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, de data 18.01.2023 (CVD: iYPQlceR5f+GUDB2f9o1) no que, entre outros aspectos, se sinala:

«(...) Non ten constancia a que subscribe da existencia dun acto administrativo ditado por órgano competente polo que se nomee ao Sr. Varela Souto para o desempeño temporal do posto de coordinador do servizo de Emerxencia e Protección Civil en funcións.

Sendo que o resolvendo sétimo do acordo de adxudicación desta contratación adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 29.01.2023, designa “responsable del contrato al coordinador de Protección Civil del Ayuntamiento de Cambre, a quién corresponderá a labor de supervisar la ejecución del contrato, adoptar las decisiones y dictar las instrucciones necesarias, con el fin de asegurar la correcta realización de la prestación pactada”, a xuízo da técnica que subscribe, tendo en conta o exposto respecto da falta de nomeamento de don José Manuel Varela Souto como coordinador do servizo, non consta no expediente informe favorable á prórroga do contrato por parte do responsable do contrato.

Por outra banda, tendo en conta as datas nas que no atopamos e a data da vixencia da póliza (ata o 31.01.2023), de acordarse a prórroga, incumprírase o establecido na cláusula IV do contrato respecto de que se acordará a prórroga “con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior”.

Por canto antecede, informáse desfavorablemente a prórroga do contrato para a subscrición dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre” (Expediente 2020/C006/000006).

No caso de ser outro o criterio do órgano de contratación, lémbbraselle que o acordo de prórroga requerirá da previa fiscalización pola intervención municipal».

Visto o informe de fiscalización número 10/2023 - REPARO 5 R emitido polo interventor municipal con data de 19.01.2023, (CVD: uFv64Sv5e/9K81luLkd0), no que informa a dita prórroga **desfavorablemente sen efectos suspensivos**.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade “Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social”, con NIF V07103419 e dirección en rúa Gremi Sabaters 68, 2º -A, 07009 Palma de Mallorca (Illas Baleares), para a subscrición dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre” (Expediente 2020/C006/000006), polo que a efectividade da póliza terá efectos ata as 24:00 horas do 31.01.2024.

Segundo: Notificar este acordo ao adxudicatario e dar traslado, a través da plataforma TDeC, aos departamentos de Protección Civil e á Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de xaneiro de 2023 (CVD: XZW5p6P79QpkuHO7dwz4), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PRÓRROGA Á ANUALIDADE 2023 DO CONTRATO PARA A SUBSCRIPCIÓN DUNHA "PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE E MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL". EXPEDIENTE: 2020/C006/000007

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de xaneiro de 2023 (CVD: /7Yr2UOc97I52v8bDxwq), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 09.02.2021, adxudicou a contratación da "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal", á empresa VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros, no importe da prima anual ofertada de 13.591,72 euros (exento de IVE), formalizándose o correspondente contrato con data 25.02.2021 (expediente núm. 2020/C006/000007).

Visto que, na cláusula IV do dito contrato faise constar:

De conformidade con a cláusula 6 del pliego de cláusulas administrativas particulares y epígrafe 16 del ANEXO I (Cuadro de características del contrato), en el presente contrato no se realizará la revisión del precio.

De conformidade con la cláusula 9 del pliego de cláusulas administrativas particulares y epígrafe 6 del Cuadro de Características del contrato, el plazo de duración del contrato será de un año desde la efectividad de la póliza, que tendrá efectos desde las 00:00 horas del día 01/02/2021 hasta las 24:00 horas del día 31/01/2022 incluídos, pudiendo prorrogarse por años sucesivos y en las mismas condiciones hasta dos años más, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado con dos meses de antelación a la finalización de la vigencia anterior, por lo que el contrato podrá llegar a tener una duración total de hasta tres años incluídas las prórrogas (desde las 00:00 horas del 01/02/2021 hasta las 24:00 horas del 31/01/2024).."

Se hace constar que existe una contradicción entre la fecha de inicio de efectividad de la póliza que consta en la cláusula 10 del Pliego de Prescripciones técnicas (donde se establece una vigencia desde las 00:00 horas del día 01/01/2021, de imposible cumplimiento en aplicación de los plazos necesarios de tramitación del expediente de contratación) y el contenido de la cláusula 9 del PCAP, debiendo en todo caso prevalecer lo establecido en el PCAP, tal y como se especifica en la cláusula 1 del mismo.

Por otra parte, y teniendo en cuenta que el presente contrato se adjudicó el 9 de febrero de 2021, (lo que imposibilita la efectividad de la póliza a fecha 01/02/2021), el plazo de efectividad de la misma para este primer año de contrato será desde las 00:00 horas del día 01/03/2021 hasta las 24:00 horas del día

31/01/2022 incluídos, subsistiendo el resto del contenido de la cláusula 9 del PCAP, y, por tanto, las prórrogas sucesivas previstas, de modo que el contrato podrá llegar a tener una duración total de hasta tres años incluídas las prórrogas, que tendrán efectividad desde las 00:00 horas del 1 de febrero de cada anualidad hasta las 24:00 horas del 31/01/2024 para la segunda prórroga, en su caso.

Con carácter previo al vencimiento del contrato cualquiera de las partes puede oponerse a la prórroga, en cuyo caso deberá comunicarlo a la otra parte con dos meses de antelación al vencimiento. Si la oposición es por parte de la aseguradora, el Ayuntamiento de Cambre le exigirá una cobertura adicional mínima de 6 meses en el caso de que, al vencimiento de la póliza, no se hubiese acordado una nueva adjudicación.

Con anterioridad a la finalización del plazo de vigencia, las pólizas podrán ser canceladas, rescindidas y renegociadas. El plazo de preaviso para la cancelación, rescisión y renegociación será de 60 días.

Visto que con data 21.12.2021, a Xunta de Goberno Local acordou "Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros", con NIF A58333261 e dirección en Paseo de la Castellana, nº 51, 1ª planta, 28004 Madrid, para a subscrición dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000007), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2022 ata as 24:00 horas do día 31/01/2023 incluídos."

Visto que con data do 02.01.2023, rexistrouse de entrada, ao número 202399900000015, escrito da empresa adxudicataria solicitando a continuidade do servizo e, polo tanto, a prórroga do contrato por un ano máis.

Visto que con data de 16 de xaneiro de 2023, emítiuse informe pola responsable do contrato, a xefa da Unidade de Réxime Interior (CVD: qGSxMjppPuqYBu69xAdI), que di:

*"(...) Tendo en conta que por parte da aseguradora non se ten manifestado a súa oposición á prórroga deste contrato cos dous meses de antelación ao seu vencemento a que se refire a cláusula 9, parágrafo 3º do PCAP, **INFORMO:***

Que non existe ningunha obxección para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis, tal e como se establece na cláusula 9 do PCAP, con efectos dende as 00.00 horas do día 01/02/2023 ata as 24:00 h do día 31/01/2024, sen que posteriormente sexa posible nova prórroga."

Visto o informe **desfavorable** da técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, de data 18.01.2023 (CVD: 9G2yqGwJew6j4P6EdiKO) no que, entre outras cousas, sinala:

*«(...) tendo en conta as datas nas que nos atopamos e que o contrato finaliza ás 24:00 horas do día 31/01/2023, de acordarse a prórroga, incumpriríase o establecido na cláusula IV do contrato respecto de que se acordará a prórroga "con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior", polo que **se informa desfavorablemente** a prórroga do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre" (expediente núm. 2020/C006/000007).»*

Visto o informe de fiscalización número 9/2023 - REPARO 4 R emitido polo interventor municipal con data de 19.01.2023 (CVD: hlhWJ+LW+zqoiubYcZVI) no que informa a dita prórroga **desfavorablemente sen efectos suspensivos**.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros", con NIF A58333261 e dirección en Paseo de la Castellana, nº 51, 1ª planta, 28004

Madrid, para a subscripción dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre” (expediente 2020/C006/000007), polo que a efectividade da póliza terá efectos ata as 24:00 horas do día 31/01/2024, incluído.

Segundo: Notificar este acordo ao adxudicatario e dar traslado, a través da plataforma TEdC, aos departamentos de Protección Civil e á Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de xaneiro de 2023 (CVD: /7Yr2UOc97I52v8bDxwq), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 13 ao 19 de xaneiro de 2023, que comezan coa Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 32/2023 e rematan coa Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 68/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
32/2023	13-01-2023	Adxudicación do contrato menor núm. 2022/C002/000131 consistente no servizo de docencia para impartir dúas edicións do módulo transversal de Nivel básico de Prevención de Riscos Laborais, Plan AFD 2022/23. Adxudicataria: Montserrat Giménez Paradela, no importe de 4.400,00 euros (36,67 €/hora), exento de IVE
33/2023	13-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de xaneiro de 2023
34/2023	13-01-2023	Resolución de corrección d erro material nas bases específicas reguladoras da selección para a cobertura da praza de aparelador
35/2023	13-01-2023	Expediente de orde de execución 2022/I004/15 - Concesión de prazo de 15 días para a poda de ramas sobresaíntes a camiño público desde finca sita na Rocha. Propiedade: R.A.C.
36/2023	13-01-2023	Denegación axuda emerxencia social alimentación a C.R.L.I. por superar o límite de aforro establecido na ordenanza
37/2023	13-01-2023	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.C.G.T. por non quedar acreditada a situación de necesidade
38/2023	13-01-	Concesión axuda emerxencia social alimentación a P.C.A. por un período máximo de 18 meses,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	2023	condicionada ao cumprimento do proxecto
39/2023	13-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentos a L.A.A.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
40/2023	13-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.R.C.B. por un período de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
41/2023	13-01-2023	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.C.R.
42/2023	16-01-2023	Concesión axuda emerxencia alimentos a J.C.G.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
43/2023	16-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas ordinarias do día 19 de xaneiro de 2023
44/2023	16-01-2023	Solicitude de cesamento presentada por I.M.F.T. para toma de posesión de posto de traballo de asesor/a técnico/a da Deputación Provincial de Lugo
45/2023	17-01-2023	Delegación na concelleira Mónica Varela Germade da competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de M.A.G.M. e E.C.P. que terá lugar o 21 de xaneiro de 2023, ás 13:30 h
46/2023	17-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a Y.G.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
47/2023	17-01-2023	Resolución pola que se deixa sen efecto a delegación na concelleira Mónica Varela Germade efectuada por Resolución da Alcaldía núm. 45/2023, a prol do concelleiro Diego Alcantarilla Rei, debido á imposibilidade de asistencia da concelleira á celebración do matrimonio de M.A.G.M e E.C.P.
48/2023	18-01-2023	Aprobación da relación de admitidos para participar no programa "Xogando no Nadal 2022" (1ª quenda do 23 ao 30 de decembro de 2022 – 2ª quenda do 2 ao 5 de xaneiro de 2023)
49/2023	18-01-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 50.237,37 euros
50/2023	17-01-2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de decembro 2022
51/2023	18-01-2023	Concesión de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.S.M.
52/2023	18-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.M.C.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
53/2023	18-01-2023	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.P.M.
54/2023	18-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de luz a I.C.C.C. por existir avalista no contrato de alugueiro
55/2023	18-01-2023	Denegación axuda emerxencia social alimentación a Y.L.C. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza
56/2023	18-01-2023	Aprobación definitiva dos estatutos e bases de actuación da xunta de compensación do sector de solo urbanizable da modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre no ámbito da estrada N VI, sita na parroquia do Temple
57/2023	18-01-2023	Concesión a Roncesvalles Hogar, SL, de licenza municipal para dúas vivendas unifamiliares acaroadas sitas no lugar de Roncesvalles, parroquia de Brexo
58/2023	18-01-2023	Incoación de expediente sancionador e concesión de prazo de audiencia, pola realización de grafitis nos soportais sitos á altura do número 10 da rúa Constitución-Temple. Denunciado: A.G.P.
59/2023	18-01-2023	Incoación de expediente sancionador e concesión de prazo de audiencia, pola realización de pintadas nun colector de roupa sito fronte á rotonda do Paraugas. Denunciado: J.L.C.
60/2023	18-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico – Acordos de inicio
61/2023	18-01-2023	Aprobación do programa de actividades lúdico-deportivas e culturais no período de vacacións escolares do Entroido 2023 "Obradoiros e Xogos no Entroido 2023", para os nenos e nenas de Cambre en idade escolar (dende o 2 ciclo de E. Infantil ata 1º da ESO, inclusive)
62/2023	18-01-2023	Nomeamento de M.M.C. como técnica de xestión económico-financieira interina
63/2023	19-01-	Desistencia de solicitude de axuda de emerxencia social de J.P.Z.S.

	2023	
64/2023	19-01-2023	Orde de execución polo derrube parcial do muro de contención da parte leste da urbanización Eira de Arriba sobre o camiño municipal 1C.0074. Propietarios: L.M.C.G. e M.R.P.
65/2023	19-01-2023	Concesión a VECTURA DEVELOPMENT S.L.U. de licenza de ocupación parcial para nave loxística con oficinas e parte do aparcadoiro en superficie, situada nas rúas Marconi, Isaac Peral e Nobel do polígono industrial do Espírito Santo - Cecebre
66/2023	19-01-2023	Instrución de dilixencias previas co obxecto de determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a incoación de expediente disciplinario a funcionario da Corporación
67/2023	19-01-2023	Resolución de cese do arquitecto interino J.R.D.B. polo transcurso do prazo máximo de catro anos de duración da interinidade por execución de programas de carácter temporal e de duración determinada
68/2023	19-01-2023	Aprobación da lista definitiva de admitidos/excluídos na convocatoria de concurso para a creación dunha relación de docentes para a impartición de cursos de formación para o emprego de especialidades da familia profesional de enerxía e auga e instalacións e mantemento (Plan AFD) da Xunta de Galicia ou de especialidades enmarcadas nas mesmas familias profesionais do Plan municipal de formación para o emprego

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo